



27.- ORDENANZA FISCAL Nº27, REGULADORA DO IMPOSTO DOS BENS E INMOBLES

PUBLICACIÓN:

BOP 27/12/07

MODIFICACIÓN 24/12/2011

MODIFICACIÓN 29/12/2012.

MODIFICACIÓN 26/12/2013.

MODIFICACIÓN 31/12/2014.

Art. 1º.- De acordo co previsto no art. 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame a aplicar neste municipio polo imposto sobre os bens inmobles será o que se detalla no artigo seguinte.

Art. 2º.- O tipo de gravame do imposto sobre os bens inmobles de natureza urbana fíxase no 0,59, sobre os de natureza rústica no 0,58, e sobre os bens inmobles de características especiais no 1,3.

Art. 3º.- En canto ao non expresamente previsto na presente ordenanza rexerán os preceptos que se conteñen nos arts. 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, na normativa complementaria e concordante, nas demais leis estatais sobre esta materia, e nas que se diten para mellor desenvolve-las e aplicalas.

Art. 4º.- En virtude do establecido no art. 62.2.4º do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, decláranse eximidos do pagamento do IBI, atendendo a criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria, os inmobles rústicos e urbanos para os que resulte unha cota líquida que non supere os 6,00€.

Para os inmobles de natureza rústica, e só ós efectos de seren eximidos, terase en conta a cota que resulte de agrupar todos os predios destas características que posúa o contribuínte no territorio municipal, nos termos do disposto no art. 77.2 do RD Lex. 2/2004.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función dos tramos aprobados no plan de axuste cara os exercicios 2012-2032.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno municipal en reunión do 13 de novembro de 2014, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C